

Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística
da Universidade da Coruña**
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**
r/ Laracha, 9, entrechán
15010 A Coruña
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio Ricardo **C**arvalho Calero Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



Organización

Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

Presidencia de Honra

M^a Ignacia Ramos.

Comité Científico

Prof^a Doutora M^a Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).
Isaac Díaz Pardo.
Francisco Fernández del Riego.
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).
Prof^a Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

Comité Organizador

Coordenación: Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

Presidente: Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

Vicepresidente: Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

Vogais: Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M^a Xosé Bravo.

Secretario: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretaría do Simposio: María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

Índice

Presentación	7
Prólogo	
José Luis Meilán Gil	9
Conferencia Inaugural	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez	11
A investigación lingüística e literaria	29
Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria. Elias J. Torres Feijó	31
A obra lingüística de Carvalho Calero. Ramón Mariño Paz	67
A narrativa	107
A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta. Manuel Forcadela	109
A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica. Arturo Casas	119
Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>). Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
A poesía	161
O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero. Xosé María Álvarez Cáccamo	163
As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero. Kathleen March	171
Carvalho Calero. Mitos para un exilio. Pilar Pallarés	183
O teatro	203
Carvalho Calero: o Teatro e a Vida. João Guisan Seixas	205
Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista. Araceli Herrero Figueroa	227
A intervención política e cultural	249
O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa. José-Martinho Montero Santalha	251
Reflexións sobre a Segunda República. Xosé Ramón Barreiro Fernández	263
Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936. Justo Beramendi.....	281
O home	295
Algúns recordos de Carvalho Calero. Isaac Díaz Pardo	297
Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido. Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa. Aurora Marco.....	309
Clausura do Simposio	
Carvalho Calero novelista. Darío Villanueva.....	323
Apéndices	341
Apéndice fotográfico.	343
Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936. Teresa López.....	349

1

A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta

Manuel Forcadela
Universidade de Vigo

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.109>

Sen deixar de agradecerlles aos organizadores deste Simposio o seu amable convite, quero antes de máis manifestar a miña alegría por poder participar nesta homenaxe a quen, sen exercer o maxisterio directo sobre min, foi, sen embargo, non só mestre predilecto senón tamén persoa que soubo adentrarse con finura e intelixencia na miña, daquela incipiente, vocación literaria e da que gardo un recordo grato, mesmo diría que imborrable.

Como é sabido, don Ricardo Carballo Calero, a mediados da década dos 40, á saída da súa estadía na prisión, xa de volta no Ferrol, escribe unha obra intitulada *A gente da Barreira*. A peza, tras gañar o concurso convocado en 1949 pola Editorial Bibliófilos Gallegos, foi publicada finalmente en 1951, aparecendo, 31 anos máis tarde, en 1982, unha segunda edición corrixida ortograficamente polo autor. Correspóndeme a min, dentro do organigrama de intervencións predisposto polos organizadores, dar conta da análise crítica e axiolóxica desta peza do autor, a primeira dentro do seu *corpus* narrativo.

Partamos dunha constatación, a que no excelente ensaio de Antón Figueroa *Diglosia e texto* se enuncia do seguinte xeito:

Se se nos permite lembrar unha vez máis a frase de R. Lafont (“os estudos sobre a diglosia pertencen ao proceso de destrución da diglosia”) poderíamos afirmar que non só os estudos sobre a diglosia, senón tamén os estudos sobre a propia lingua, os estudos sobre a propia literatura actual ou histórica, e incluso os propios textos que se producen na actualidade nesta situación e a súa lectura fan parte do proceso de destrución da diglosia, en canto que pertencen ao proceso de destrución da situación sociocultural e mental na que esta se produce.



Aínda que nun principio o autor tiña ideado unha obra que remataría por ser unha colección de contos, relatos entrelazados con baseamento máis ou menos etnográfico¹ sobre documentación obtida por el mesmo e que se intitularía *Historias da Barreira*, a convocatoria do concurso de novela ao que vimos de aludir e no que se pretendía premiar a mellor novela de ambiente galego, indistintamente do idioma en que esta fose escrita, admitindo, por tanto, orixinais en galego e castelán, fixo que mudase de opinión e que rematase por converter o seu libro de relatos entrelazados nunha novela.

Esta vicisitude perdura dalgún xeito no feito de que os dezanove capítulos que a compoñen funcionan como unidades autónomas, toda vez que cada un dos fragmentos parece estar ideado arredor da figura dun dos personaxes, como ten sinalado Araceli Herrero Figueroa (1983), e centrado en acontecementos de grande intensidade vivencial: nacementos, mortes, vodas, triunfos e fracasos. Sen embargo, unha mesma diéxese, unhas mesmas coordenadas espacio-temporais, dan lugar á coherencia do texto, primeiro, pola continuidade do espacio ficcional, un mesmo núcleo xeográfico durante todo relato, a grande casa dos Frade de Eirís, e a continuidade cronolóxica, a xeito de *roman fleuve*, desde a invasión francesa ata a primeira guerra mundial.

Chama, sen dúbida, a atención o feito de que *Gente da Barreira* fose a primeira novela da posguerra, mesmo nun momento no que o novo alborexar da nosa tradición literaria aínda encontraba obstáculos máis que suficientes para rematar por naufragar. Neste sentido, merece ser considerada como unha obra ponte. Ponte entre o pasado, aínda ben presente na memoria, e un futuro que só se podía imaxinar como un regreso máis ou menos fiel a ese pasado inmediato, toda vez que a única saída á dictadura tiña que ser, como logo non foi, a restauración da legalidade derrubada e que pervivía dalgún xeito como un espectro.

Diríamos que, dentro da estratexia do galeguismo do interior, ben diferenciada como se sabe da estratexia do exilio, e máis nesas datas en que Castelao se encontraba en trances moi próximos ao seu óbito, dentro da tarefa de reconstrucción da cultura galega, a novela implicaba unha continuidade nos obxectivos de consolidar o discurso en prosa, tanto no seu aspecto ficcional como ensaístico, toda vez que a poesía estaba xa moito máis desenvolvida.

¹ Neste sentido podemos encontrar na obra certo parentesco con *Á lus do candil* de Anxel Fole, como ben poderíamos comprender botando man dalgúns parágrafos aillados que parecen estar a identificar a obra do lucense. Por exemplo:

Logo que a nevada cesaba, mantiña-se a neve sen se derreter semanas inteiras; e a gente ia de casa en casa na procura de pas, ferramentas ou menciñas, e máis que outra cousa para se ver e falar. Acudí à Barreira por un rodo para ceibar a porta de neve, ou por enxúlia de capón para untar-lle o gorja ao rapaz que coa friage botara as ingínias. Viñan as mozas e as vellas, os homes e os nenos; e traían contos e levaban outros que ouvian a carón da lareira acesa todo o día na cociña de abaixo. E baixaban os señoritos e baixaba dona Mercedes e collía a roca e o fuso para escoitar a parola; e a señorita Rosário pasaba se cadra pola cociña, sen deter-se, para procurar ou ordenar calquer cousa. (Carvalho Calero 1997:44).



Neste sentido, e como ten argumentado Pilar García Negro:

Coidamos que a escrita da novela foi, para Carballo Calero, unha especie de catarse, tamén un esforzo de reidentificación co país e con el propio, co eu anterior a 1936. D. Ricardo declara, após confesar que nunca deixara de escribir (en Madrid, en Valencia, no cárcere de Jaén...) que a novela que comentamos foi escrita case inmediatamente de el chegar a Ferrol, en 1941, logo de ter sido concedida a liberdade provisoria ao noso ilustre compatriota, cualificado polo fiscal como “individuo separatista”. Semella mesmamente como se quixese conxurar, ou amolecer, as duras condicións do retorno, as dificultades laborais, a crúa represión ambiental, cunha sorte de autodisciplina que fose, ao tempo, terapia persoal e servizo silencioso ao país. (García Negro 1997).

A novela parece estar a ollar para o pasado, a recuperar ideas e intencións que adquiriran a súa maior dimensión durante o período inmediatamente anterior á Guerra Civil española e que se traduciran na mellor das súas expresións na novelística de Ramón Otero Pedrayo. De feito, existe un paralelismo máis que evidente entre *Gente da Barreira* e *Os Camiños da vida*. Hai, sen dúbida, unha especial coincidencia con Otero no decadentismo da sociedade que se retrata, na maneira en que unha certa saudade parece emanar do narrador á hora de contemplar o pasado e evocar a perda das raíces por parte de tres xeracións vertebradas arredor do espacio-símbolo da grande casa da Barreira.

Pero, ao mesmo tempo, e como esa ponte tendida da que antes falabamos, incorpora actitudes que logo serían transcendentais no devalar da nosa tradición narrativa arredor de dous núcleos epocais: a narrativa galega dos anos cincuenta, sobre todo no que atinxe á súa vertente de realismo máxico, e a que, na primeira década dos oitenta, se formula arredor das diversas tentativas de alegoría histórica.

Vexamos un exemplo da primeira das tendencias mencionadas e no que un feito paranormal serve como maneira de comunicar os amores entre o señorito fidalgo e a criada embarazada:

Ainda era noite cando o señorito se botou ao camiño, ben plantado no seu cabalo. Voltou de mal génio a pouco de saír, e à luz de un candil estivo enxergando os arreos e o corpo da besta. Cabalgou de novo, mais pouco tardou en estar outra volta no portón. Foi en procura da nai, que ja comezaba a remexer pola casa. A tremer coa carraxe, explicou-se. Ao chegar à altura do cemitério, un fatado de sapos se lle atravesara no camiño. Quixo pasar por riba deles, mais o cabalo botou-se atrás; e como no campo aínda non se via, tiña volto à casa para lle examinar a cenlla e as ferraduras. Na segunda saída, os sapos eran aínda

máis, e o cabalo non daba unha pasada agiña que se lle puñan diante. A nai coidou que tiña de ser un mal de ollo e prendeu-lle no peito unha medalla bieita polo arcebispo.

Ao baixar, nun currunchiño da grande escada, a Terejiña, que ouvira a conversa mentres traballaba, meteu-lle na man os allos nunha pequeniña bolsa que ela levaba decote contra as meigas. Por terceira vez voltou o morgado. Nen medalla nen allos serviran para cousa. O fatado de sapos saíra-lle ao camiño de novo, aínda que ja se via. Eran máis que nunca, e o cabalo abalaba a testa e recuaba. O morgado tiña a pel escura, e as suas meixelas non amostraban a cor do medo, mais no fondo dos seus ollos pairaba unha muxica aluarada namentres falaba coa sua nai.

Dona Tereija escoitou-no e dixo:

Ai, filliño. Non che é mal de ollo. As meigas non poderían coa medalla. Ti estás en pecado mortal. ¿Que fixeches, meu probe?

Naquel intre, o mozo ollou para a porta, ceibou un rouco salaio e retrocedeu. Encadrada polo marco, as mans no peito a latejar, estaba a Terejiña. Os ollos azuis da nai, como volvoretas abraiadas, voaron do un a outra. A podente lousa de un pesado silencio pandeou as tres fronte cara o chan. (Carvalho Calero 1997: 34-35)

Unha parte da crítica ten sinalado o carácter de “narración elemental desde o punto de vista técnico e sinxela desde o ideolóxico” (Vilavedra 2000a) mesmo chegando a sinalar que:

A falta de referentes e a urxencia por restaurar uns vínculos cun pasado que aparecía como depositario da nosa identidade colectiva, fixo que a narrativa galega optara nun primeiro momento por fórmulas monolóxicas, moitos menos conflictivas (na medida en que estas ofrecen sempre moitas menos posibilidades de interpretación) e que se presentaban como as máis axeitadas para vehiculizar unha concreta visión do mundo restauradora. (Vilavedra 2000b).

Mesmo chegando a acusar a novela de instaurar:

un rexime de autarquía enunciativa que evita a pluralidade de instancias inmanentes e a conflictividade discursiva que dela se podería derivar, potencialmente metaforizadora dos subxacentes conflitos sociais propios daquel momento histórico. (Vilavedra 2000b).

Creemos, sen embargo, que deben ser valorados na novela, e non como os seus valores menos salientables, o acertado do rexistro lingüístico, a pulcritude do estilo, a capacidade para sintetizar personaxes, aconte-



mentos e lugares, a xeito de metonimia continuada do período analizado da historia de Galicia, así como a ausencia total de introspección, cun achegamento aos personaxes que se realiza de xeito obxectivo, toda vez que o autor, como manifestou no seu momento, estaba interesado en conseguir que a explicación do comportamento dos personaxes se deducise dos seus propios actos.

De todos xeitos non debemos esquecer que o obxecto da novela, e neste sentido podería ser contemplada como unha obra de tese, era presentar dun xeito novelado a historia da transición dos séculos en Galicia, obxectivo este que considero plenamente logrado e, primando máis, tanto polo seu carácter pedagóxico como pola pretensión de achegarse a un público maioritario, a perspectiva didáctica que a autoral, nunha especie de *epílion* ou epopeia breve, como ten sinalado Araceli Herrero Figueroa, do vivir rural galego do século XIX.

Nesta mesma liña maniféstase Pilar García Negro cando sinala que:

A casa da Barreira, a xente da Barreira, exteriorizan, metonímica e simbolicamente, a traxectoria do propio país nun XIX mancado pola historia externa a el (guerra contra os franceses, guerras carlistas, desamortizacións...), en convivio co proceso histórico de acomodación forzosa ao marco capitalista, particularmente traumático na Galiza e activador dunha forte destrución social. (García Negro 1997)

Podemos sinalar, por tanto, que Carballo Calero resulta, fronte a outros autores do seu tempo ou anteriores, un magnífico produtor do que se vén denominando etnosemiose, isto é, a produción e emisión de signos nacionais, etnosememas, a través do discurso literario. Seguíndomos agora a Xoán González Millán (1991), principal introductor entre nós dos estudos de etnopoética, poderíamos sinalar os obxectivos que configuran o seu horizonte conceptual e operativo.

En primeiro lugar, hai que sinalar na obra de Carvalho, unha actitude subversiva que se fórmula en termos de resistencia simbólica ao afrontar un *corpus* discursivo que representa unha situación de marxinalidade. Escríbese contra o sistema hexemónico desde a periferia dese sistema coa conciencia de estar a crear un sistema propio e alternativo. O escritor revélase contra a expropiación histórica da que está a ser obxecto e considera a literatura como unha institución privilexiada no proceso de configuración da conciencia nacional.

Se o pobo galego está nese momento fóra da historia ou en proceso de reapropiarse dela, a literatura que se produce reflicte un esforzo estético

por redirixir, por unha banda, a historicidade do pasado, representada pola memoria xenealóxica, e a do presente, entendida en termos dunha imaxinación histórica proxectiva. Como sinala González Millán, unha das consecuencias desta transformación ou ruptura epistémica sería, en primeiro lugar, a lectura histórica do presente e, en segundo lugar, a interpretación política do pasado. Non hai que esquecer, e non temos máis que considerar a recente polémica sobre os contidos de historia no ensino secundario do Estado Español, que o discurso histórico representa unha área privilexiada de conflito entre os estados, as nacións e os grupos étnicos. A análise da propia historia convértese así nunha das fontes fundamentais do etnosemema, tal e como historicamente ten acontecido con algúns dos etnosememas máis representativos, como é o caso, por exemplo, de etnosememas como o celtismo e a saudade.

A etnosemiose, nunha situación cultural marxinal e periférica, está condicionada polos seguintes temas-oposición:

- i. posesión / desposuimento;
- ii. autonomía / submisión;
- iii. diferenza / asimilación.

Carvalho leva a cabo, precisamente, o relato do desposuimento, do proceso histórico a través do cal emerxen os conflitos sociais, económicos e políticos da Galiza moderna, entendidos como perda, privación, como dano e deterioro, e o seu relato é, obviamente, unha alegoría a favor da diferenza, fronte á asimilación, da autonomía, fronte á submisión. Neste sentido resultan especialmente clarificadoras as palabras de Araceli Herreo Figueroa ao sinalar que

Carballo non ten mágoa daqueles antigos señores senón de todo o desarraigo que o cambio trouxo consigo

Deste xeito, ademais, rómpense as condicións de funcionamento das xerarquías discursivas dentro do discurso histórico hexemónico, trastocando, por tanto, os conceptos de distinguido fronte a trivial, de nobre fronte a popular, de maior fronte a menor, de canónico fronte a non canónico. É obvio que o período histórico novelado por Carvalho non ocupa un lugar predominante dentro do discurso histórico español, merecendo dentro deste os calificativos de trivial, popular, menor e non canónico.

Esta actitude conlevaría a ruptura da imaxe estereotipada que sobre nós proxecta unha cultura esóxena, quebrando algúns dos seus etnoseme-



mas: a pretendida limitación expresiva do idioma galego e a aparente ineficacia para expresar (e representar) a memoria colectiva.

Deste xeito, na novela de Carvalho lévase a cabo unha nova imaxinación histórica ao inscribir unha memoria xenealóxica no marco dunha estratexia de identificación colectiva. Tanto os poetas do Rexurdimento como o grupo Nós, do que Carvalho é, nese momento, un prolongamento, como os outros membros do Seminario de Estudos Galegos, inauguran unha tradición cultural que asigna á literatura un papel fundacional na produción e configuración da conciencia colectiva. O texto literario convértese, así, nun espazo discursivo privilexiado para a reivindicación dunha identidade (perdida ou silenciada).

Lévase a cabo, por tanto, a configuración dunha cultura nacional en torno aos seguintes obxectivos: primeiro, a posta en interrogante da identificación entre o principio de universalidade e os valores que proxectan os textos constitutivos do canon da literatura hexemónica; segundo, a proxección dunha nova lectura, incorporando ao paradigma crítico dimensións silenciadas polas institucións canonizadoras; terceiro, a superación dos límites epistémicos impostos polo discurso crítico-literario das literaturas maiores.

Deste xeito, os perigos sinalados por Antón Figueroa como prototípicos das literaturas en lingua de diferenza frente as de lingua homoxeneizante, (entre outros: folklorización, arqueoloxización, poetización, inferior "apertura" da polifonía da obra, filoloxización, entendemento da obra como "fetiche", excesiva relevancia do vínculo entre literatura e etnografía) son evitados por Carvalho, o que lle confire, frente a outros textos da súa época ou posteriores, un marcado relevo entre outras razóns por evitar a inclinación ao ruralismo, o desprazamento do significado do texto en sentido carnavalesco, e igualmente ao trazar con verosimilitude e naturalidade o devalar histórico á marxe da tentación dun super-pasado imaxinario.

Non mérito menor desta novela resulta o feito de ter introducido na nosa literatura contemporánea un tema que comezaba a ser moi querido por Cunqueiro, que xa en 1945 publicara en castelán *Balada de las damas del tiempo pasado*. O penúltimo capítulo da novela intitulado "As neves de antano", ao modo de François Villon, introduce o lirismo da nostalxia polos tempos que foron, a melancolía polo que foi e xa non será. Velaquí a pautada sinfonía deste momento en que o narrador parece abandonar-se por un instante aos sentimentos, o momento en que o poeta parece querer, no remate da novela, suplantar ao frío, ao obxectivo narrador:

Os pazos esborrallan-se, as castes misturan-se, as familias espallan-se, os morgadios esvaen-se. As cidades zugan o campo. Os paxaros perden o agarimo do frouxel en que naceron. Os niños fican valeiros. Os miñatos e as pombas que revoaban rentes das torres das pequenas igrejas, ao redor dos cativos campanários bolorentos das pequenas igrejas aldeás, procuran agora as altas torres catedralícias. Fogen do torrón, arelantes os ollos de albiscar as estéreis lousas das rúas, nas que non medra a herba. Só a paxarada vulgar, os carrizos, os peizoques, os pardais, as pegas, baixan como decote ao rego coñecido en procura do gran, e asas de curto voo, non se alonga dos vellos ares. Fican un pouco sorprendidos ao ver-se libres da presenza das grandes, podentes e formosas aves que partiron. Mais moitos medran e ocupan os niños valeiros, depois de revoar un pouco rentes deles con unha migalla de medo, temendo que a sombra das longas asas negras ou brancas paire aínda sobre o aleijado lar.

¿Onde está a soberba fidalguía da casa de Eirís da que saira don Ramón Frade, o máis novo dos irmáns, para se afincar nos montes da Barreira? (Carvalho Calero 1997: 101)

Xa para rematar, e non sen antes agradecerlles a súa comparecencia e a súa atención, gustaríame reivindicar *A Gente da Barreira* como unha peza merecente de maior atención por parte da nosa crítica e da nosa historiografía, como unha moi digna e meritoria illa no proceloso mar das letras galegas de posguerra.

Moitas gracias.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Carvalho Calero, R. (1997): *A Gente da Barreira* (ASPG-A Nosa Terra: Vigo).

Figueroa, A. (1988): *Diglosia e texto* (Xerais: Vigo).

García Negro, P. (1997): "Introducción", en Carvalho Calero (1997).

González Millán, X. (1991): *Silencio, parodia e subversión* (Xerais: Vigo).

Herrero Figueroa, A. (1983): "Sobre a xente da Barreira, Breve aproximación á lectura dunha novela", *Grial*, 81 (Galaxia: Vigo)

Montero Santalha, M. (1993): *Carvalho Calero e a sua obra* (Laivento: Santiago de Compostela).

Vilavedra, D. (2000a): *Diccionario da Literatura Galega, III. Obras* (Vigo: Galaxia)

Vilavedra, D. (2000b): *Sobre narrativa Galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).